



CARTEIRA DE SERVIZOS DO/DA PEDIATRA DE ATENCIÓN PRIMARIA DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

O/A pediatra e o/a enfermeiro/a de pediatría de atención primaria son os/as profesionais de referencia para a asistencia sanitaria da poboación infantil e xuvenil. A accesibilidade deste nivel asistencial xunto coa proximidade destes e destas profesionais aos nenos, nenas, adolescentes e ás súas familias, permítelles dar unha resposta integral ás necesidades de saúde deste grupo de poboación.

A carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, nos servizos de atención á infancia, comprende, ademais do indicado con carácter xeral, as seguintes epígrafes:

- Valoración do estado nutricional, do desenvolvemento pondo-estatural e do desenvolvemento psicomotor.
- Prevención da morte súbita infantil.
- Consellos xerais sobre desenvolvemento do/da neno/a, hábitos nocivos e estilos de vida saudable.
- Educación sanitaria e prevención de accidentes infantís.
- Orientación anticipada para a prevención e detección dos problemas de sono e de esfínteres.
- Detección dos problemas de saúde, con presentación de inicio nas distintas idades, que poidan beneficiarse dunha detección temperá en coordinación con atención hospitalaria, a través das actividades encamiñadas a:
 - Detección precoz de metabolopatías.
 - Detección de hipoacusia, displasia de articulación de cadeira, criptorquidia, estrabismo, problemas de visión, problemas do desenvolvemento puberal, obesidade, autismo, trastornos por déficit de atención e hiperactividade.
 - Detección e seguimento do/da neno/a con discapacidades físicas e psíquicas.
 - Detección e seguimento do neno con patoloxías crónicas.

Para o desenvolvemento dos servizos da carteira de pediatría en AP que se nomean a continuación aplicarase e seguirase o Programa de saúde infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como documento de apoio a **Guía de saúde infantil: actividades preventivas e de promoción da**

saúde en pediatría de atención primaria ([ligazón](#)). Esta guía, editada polo Servizo Galego de Saúde no ano 2020 e a disposición de todos/as os/as profesionais na páxina web do Servizo Galego de Saúde, concibiuse como un documento de apoio á realización dos controis de saúde que se levan a cabo no ámbito de pediatría de atención primaria. Consta de 27 capítulos que recollen información actualizada sobre as recomendacións de prevención e promoción da saúde, así como as relacionadas co manexo de determinadas patoloxías ou factores de risco.

Promoción na infancia de hábitos saudables

As persoas de 0 a 14 anos terán recibido nos últimos 3 anos información, consello ou reforzo sobre os seguintes aspectos:

- Alimentación: Promoción de lactación materna e hábitos saudables para a introdución progresiva de alimentos, consello sobre alimentación saudable (consumir diariamente froitas, verduras e lácteos e evitar exceso de graxas)...
 - A alimentación de 0 a 2 anos ([Ligazón](#)).
 - A alimentación a partir dos 2 anos ([Ligazón](#)).
- Prevención de accidentes infantís ([Ligazón](#))
- Prevención do tabaquismo e outros hábitos tóxicos (alcohol..):
 - A prevención das condutas adictivas ([Ligazón](#)).
- Consello sobre exposición solar:
 - Coidados da pel ([Ligazón](#)).
- Consello sobre hábitos de sono:
 - Prevención dos trastornos do sono ([Ligazón](#)).
- Prescrición de exercicio físico:
 - Actividade física, comportamento sedentario e prevención de patoloxía físico-deportiva na idade infantoxuvenil ([Ligazón](#))
- Consello de uso de novas tecnoloxías:

- A prevención das condutas adictivas ([Ligazón](#)).
- Consello sobre prevención da morte súbita do lactante:
 - Avaliación do/da recentemente nado/a en atención primaria ([Ligazón](#))

Aclaración: A información, consello ou reforzo pode ser recibida polos/as nenos/as ou polos/as seus/súas cuidadores/as.

Seguimento do desenvolvemento na infancia

Recoméndase monitorizar o peso, a lonxitude e o perímetro cranial en todos os controis de saúde, ata os 2 anos de idade.

Nos/nas nenos/as maiores de 2 anos, recoméndase monitorizar o peso, o talle e a velocidade de crecemento, en todos os controis de saúde.

- Crecemento infantil ([Ligazón](#))

As persoas menores de 6 anos terán realizada valoración do desenvolvemento psicomotor

- Supervisión do desenvolvemento psicomotor ([Ligazón](#))

As persoas de 6 a 14 anos terán realizada unha valoración do comportamento e a aprendizaxe, polo menos unha vez nos últimos 3 anos.

- Prevención e manexo dos trastornos do comportamento ([Ligazón](#))
- Detección precoz de trastornos da linguaxe e da aprendizaxe ([Ligazón](#))

Vacinacións sistemáticas da infancia

- As persoas de 0 a 14 anos terán recibido as doses de vacinas correspondentes á súa idade. Seguiranse en cada momento as directrices da Dirección Xeral de Saúde Pública. ([Ligazón](#))



* Aos 3 anos a vacinación fronte a sarampelo, rubéola, parotidite e varicela realizarase coa vacina tetravírica. Aos 12 anos a vacinación fronte ao meningococo realizarase coa vacina tetravalente ACWY. Fonte⁵: Consellería de Sanidade. Calendario de vacinación infantil actual [Internet]. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia [acceso 26 novembro 2021]. Dispoñible en: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Calendario-de-vacinacion-infantil-actual>.

Detección precoz de problemas na infancia

As persoas de 0 a 14 anos terán realizada a detección precoz de:

- Metabolopatías
 - Cribado neonatal ([Ligazón](#))
- Displasia de articulación de cadeira
 - Detección precoz do desenvolvemento da displasia de cadeira ([Ligazón](#))
- Criptorquidia

- Problemas de desenvolvemento puberal
 - Crecemento infantil ([Ligazón](#))
- Obesidade
 - Prevención e manexo da obesidade infantil ([Ligazón](#))
- Alteracións visuais
 - Detección precoz de anomalías da visión ([Ligazón](#))
- Hipoacusia
 - Cribado neonatal ([Ligazón](#))
- HTA
 - Prevención cardiovascular ([Ligazón](#))
- Autismo
 - Detección precoz do trastorno do espectro autista ([Ligazón](#))
- Trastorno por déficit de atención e hiperactividade
 - Detección precoz e manexo do trastorno por déficit de atención e hiperactividade ([Ligazón](#))
- Detección e seguimento do/da neno/a con discapacidades físicas e/ou psíquicas
 - Supervisión do desenvolvemento psicomotor ([Ligazón](#))
- Detección e seguimento do/da neno/a con patoloxía crónica
 - Prevención cardiovascular ([Ligazón](#))

Atención a nenos/as con asma activa

CRITERIO DE INCLUSIÓN: Persoas de 0 a 14 anos con diagnóstico de asma activa.

CRITERIOS DE BOA ATENCIÓN:

Unha valoración que inclúa:

- Presenza de síntomas: tose crónica, dispnea, sibilancias, opresión ou "tirantez" torácica.

- Presentación dos síntomas: permanentes ou estacionais, continuos ou episódicos, variación do día á noite e aparición, duración e frecuencia dos síntomas.
- Presenza ou ausencia de factores predispoñentes ou agravantes.
- Presenza ou ausencia de antecedentes familiares de enfermidades respiratorias ou alérxicas.
- Presenza ou ausencia de enfermidades atópicas: dermatite e rinite en todos os/as nenos/as.
- Presenza ou ausencia de alerxia/sensibilización alimentaria (ovo e leite de vaca) en nenos/as menores de 3 anos.
- Presenza ou ausencia de exposición ao tabaco.
- Unha exploración física que inclúa: auscultación cardiopulmonar, no último ano. Exploración da pel en busca de dermatite atópica, polo menos unha vez desde o diagnóstico. Exploración de mucosa nasal e conxuntival, no último ano.
- A valoración da situación da gravidade da asma, polo menos unha vez no último ano.

Outros recursos de información:

- Guía de práctica clínica: <https://neumoped.org/wp-content/uploads/2019/07/GUIA-ASMA-PEDIATRIA-2019.pdf>
- Recursos para a posta en marcha dun programa de atención ao/á neno/a con asma: http://www.respirar.org/images/pdf/grupovias/documento_necesidades.pdf

Atención ao/á neno/a con obesidade

- Prevención e manexo da obesidade infantil ([Ligazón](#))

Desenvolvemento do programa de educación para a saúde en grupo e intervención comunitaria

Guía de saúde infantil: actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria ([ligazón](#)).



Outros recursos de información:

<https://www.aepap.org/grupos/grupo-de-educacion-para-la-salud/biblioteca/programa-de-eps-sobre-el-uso-racional-de-las-urgencias-pediatricas>.

Difusión da Guía da Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria (AEPap) para centros docentes e desenvolvemento de actividades que promovan a saúde no ámbito educativo (RCP, alimentación, sono, consumo de substancias, uso de novas tecnoloxías, etc).

<https://www.aepap.org/grupos/grupo-de-educacion-para-la-salud/biblioteca/guia-aepap-para-centros-docentes>.